



1. OBXECTIVO

Participar nas actividades de voluntariado da biblioteca é unha **actividade opcional** que busca favorecer a formación e as **actitudes de colaboración e solidariedade** así como as competencias de autonomía persoal e comunicación lingüística entre outras.

Se estás interesado poderás colaborar de **maneira altruísta** no deseño e organización de actividades nas que sexa posible a túa **participación na biblioteca**.

2. DURACIÓN DO COMPROMISO

O acordo de colaboración terá unha **duración dun ano escolar**. Poderase cancelar este acordo cando unha das partes amose unha **razón xustificada**.

3. DEREITOS DOS COLABORADORES

- Recibir a formación e medios necesarios para a realización do voluntariado.
- Dispoñer dunha **acreditación** que o identifique como voluntario/a.
- Participar activamente** no deseño, realización e avaliación das actividades nas que colabore.
- Acordar cos responsables da biblioteca o **horario, duración e tarefas** nas que vai colaborar.
- Recibir un **diploma acreditativo** da súa participación en actividades de voluntariado da biblioteca escolar.
- Renunciar**, logo de aviso, á súa condición de alumno/a voluntario/a por unha causa xustificada.

4. OBRIGAS DOS COLABORADORES

- Realizar as súas actividades** de colaboración segundo o acordado.
- Actuar de forma **responsable, eficaz e solidaria** de acordo coas normas e indicacións do profesorado da biblioteca.
- Participar nas **actividades formativas** que se organicen para os voluntarios/as.
- Respectar os dereitos do resto do alumnado** e demais persoas da comunidade escolar.
- Utilizar debidamente a identificación** recibida como alumno/a colaborador/a.
- Coidar e **facer bo uso dos materiais** e recursos da biblioteca.
- Comunicar con tempo e cunha causa xustificada** que quere deixar de ser voluntario/a da biblioteca.

5. FUNCIONES DOS VOLUNTARIOS

-Participar nas actividades de **préstamos, devolucíons e organización da biblioteca** que se desenvolvan no recreo, na hora de ler ou noutras horas acordadas.

-Coñecer o **sistema de organización dos libros da biblioteca** e participar na súa colocación e recollida velando porque a biblioteca estea sempre organizada.

-Participar nas actividades de **etiquetaxe e catalogación** baixo a supervisión do equipo de biblioteca.

-Colaborar na **realización de materiais** necesarios para a biblioteca (Carteis, etiquetas, murais...).

-Axudar a **reparar** aqueles **libros** que estean en mal estado.

-Participar na **decoración e acondicionamento da biblioteca** para a realización de actividades, festividade e conmemoracións.

-**Asesorar e axudar ó resto do alumnado** no acceso ós libros e materiais da biblioteca.

-**Informar** das novidades, actividades e **asuntos relacionados coa biblioteca** ós distintos grupos do centro.

-Empregar a **mascota da biblioteca "Bibli"** para o anuncio e promoción de actividades da biblioteca.

-**Desenvolver actividades e pequenos obradoiros** nos que se traballen obxectivos relacionados coa biblioteca.

-**Outras funcións** que se foran acordando ó longo do curso.

Voluntario/a:

Equipo BibliOia

Asdo:

Asdo: